

MANIFESTO EÓLICA ASÍ NON

Día Mundial da Enerxía Limpa, 26 xaneiro 2025

NON AO ESPOLIO DA NOSA TERRA

*RESPECTO POLAS DECISIÓNS XUDICIAIS
NON Á RETRAMITACIÓN DE PROXECTOS PARALIZADOS*

HOXE domingo, 26 de xaneiro, é o Día Mundial da Enerxía Limpa. A ONU sinalada esta data coa fin de concienciar e mobilizar ás sociedades cara a unha transición xusta e inclusiva cara as enerxías limpas, en beneficio das persoas e do medio ambiente. Precisamente este é o motivo polo que estamos aquí hoxe: para reclamar un Novo Plan Eólico Galego que sexa xusto coas persoas, sustentable, respectuoso co territorio e ao servizo do pobo.

Nos últimos días, a Xunta de Galicia, vén de anunciar un novo plan eólico para Galiza. Por fin, o goberno galego recoñece que a planificación eólica vixente, procedente dos anos 90, está obsoleta e non ofrece as suficientes garantías legais. Sen embargo, o novo plan eólico da Xunta de Rueda xa nace sendo un absoluto FRAUDE! A súa finalidade non é planificar a implantación ordenada da eólica no país, senón reafirmar a vontade clara e inequívoca da Xunta de Galicia de burlar as decisións xudiciais e esquivar as paralizacións cautelares de proxectos.

Este novo plan eólico da Xunta é un FRAUDE cando presenta unha suposta ordenación do sector sen suspender antes todo os proxectos eólicos e liñas de evacuación que se atopan en tramitación ou que foron autorizados recentemente e non executados. De que servirá unha nova planificación sectorial da eólica, cando xa calquera recuncho do país estea inzado de aeroxeradores? Unha nova planificación do sector terá que vir da man dunha necesaria moratoria das instalacións eólicas, tanto na fase de tramitación como na de execución.

Este novo plan eólico de Rueda é un FRAUDE cando di que atenderá a todas as sensibilidades do sector pero non a todas as sensibilidades da sociedade. Abertamente, anuncia que excluírá das mesas de diálogo social as organizacións ecoloxistas e a todas aquelas entidades veciñais e sindicais que somos críticas co espolio eólico do país. Isto non ten outro nome... isto chámase CENSURA e REPRESIÓN!

O actual goberno da Xunta, autoritario e represor, non respecta as decisións xudiciais e exhibe de xeito repulsivo e inmoral a súa ofensiva contra os tribunais de xustiza, que no exercicio das súas responsabilidades, deteñen cautelarmente aqueles proxectos eólicos que mostran indicios de ilegalidade. Coas últimas reformas normativas introducidas polo PP no Parlamento de Galiza, facendo alarde da súa política da imposición, a Xunta concédelles ás

eléctricas o dereito de volver a tramitar as ducias de proxectos eólicos que agora están paralizados, e aínda por riba, sen necesidade de renunciar aos primeiros e sen a obriga de depositar novas garantías financeiras. En paralelo, deixa totalmente indefensas ás poboacións afectadas por esta invasión eólica, descargando nelas a carga da proba e obrigándoas a combater por enésima vez as gadoupas especulativas das eléctricas.

Hoxe, no Día mundial da Enerxía Limpa, a Coordinadora Eólica Así Non, apela ás administracións públicas para que afronten a transición enerxética de Galiza desde o respecto escrupuloso dos principios democráticos e de participación pública.

Unha transición enerxética social e territorialmente xusta, desde a intervención pública e desde a libre capacidade do pobo galego de ser quen de planificar e decidir sobre o aproveitamento dos seus recursos de forma soberana e democrática.

Deste este movemento cidadán que desde hai máis de tres anos vimos reclamando xustiza social e respecto medioambiental na implantación das enerxía renovábeis, apelamos unha vez máis:

-A unha moratoria ou suspensión preventiva de todos os proxectos eólicos en tramitación ou non executados ata que non se renove o actual Plan Eólico de Galiza.

-A que se respecten as decisións xudiciais e aos órganos de Xustiza en relación ás paralizacións cautelares de proxectos eólicos.

-A que se respecte o noso dereito á participación directa no proceso de planificación eólica, como poboacións directamente afectadas, organizacións defensoras do territorio e entidades representativas de intereses comúns.

-A que a nova planificación eólica de Galiza recolla o decálogo “Temos Alternativa” da Coordinadora *Eólica Así Non*, no que se define o modelo eólico alternativo, entre outros principios, fundamentando nunha nova planificación enerxética pública ao servizo do pobo e do dereito a vivir e a traballar na nosa terra, que non poña en perigo aqueles sectores sociais que proporcionan alimentos básicos á poboación, que abarate o prezo da electricidade recoñecendo unha tarifa eléctrica galega, que aposte polo autoconsumo, polas comunidades enerxéticas, polo consumo de proximidade e polas comunidades veciñais de montes en man común.

En definitiva, seguiremos pelexando ata que non nos quede alento, por un plan eólico xusto, sustentábel, e ao servizo do pobo!

NON AO ESPOLIO DA NOSA TERRA!

EÓLICA ASÍ NON!